

E. Moscoso Mato (2008): “*Nací e fuy nado no galego medieval*”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 553-564.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## *NACÍE FUYNADO* NO GALEGO MEDIEVAL

**Eduardo Moscoso Mato**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*A Couceiro, mestre e amigo*

### **1. Presentación da cuestión**

Examinando o denominado paradigma verbal das linguas románicas próximas a nós observamos algunhas que presentan formas compostas. Estas formas compostas formalmente son perífrases, isto é, a unión dun verbo auxiliar e unha forma auxiliada; pero teñen unha particularidade fronte a outras perífrases: opóñense ás formas simples do paradigma verbal só polo seu contido temporal. É dicir, tanto formas simples como compostas forman parte dun mesmo grupo porque as súas oposicións de contido son unicamente temporais, fronte a outro tipo de perífrases (incoativas, perfectivas, etc.) que engaden contidos non só temporais, como podemos observar nas abundantes perífrases de contido aspectual que ten o galego actual.

A existencia dos chamados tempos compostos permite, nas linguas que os presentan, duplicar a cantidade de contidos temporais que presentaría un paradigma constituído unicamente por formas simples. En xeral a mecánica é simple e económica: a forma composta por un auxiliar nun tempo determinado expresa, temporalmente, un contido de anterioridade respecto a unha forma simple no tempo do auxiliar. Tamén é certo que logo, en casos concretos, a situación é algo máis complexa, pois pode haber formas compostas que mesmo comparten significado temporal, como sucede nos tempos casteláns *había cantado* y *hube cantado*, que teñen un valor de antepretérito, aínda que con diferenzas de matiz.

A situación complicase algo máis nas linguas románicas en que non existe un único auxiliar para a expresión dos tempos compostos, como acontece no francés actual. Neste caso a escolla vén condicionada polo verbo auxiliado, xa que haberá verbos que esixan *ser* como auxiliar (normalmente intransitivos) e outros que deban ir acompañados por *haber*.

Recuando temporalmente na nosa lingua atopamos os textos medievais (nos que tanto se fixou cientificamente o profesor Couceiro), nos que é común atopar formas do tipo *avia sido* ou *era ido* que, na maioría dos casos, só poden entenderse como tempos verbais que expresan o mesmo contido de anterioridade que a forma *foi*.

Nos parágrafos anteriores presentamos resumidamente un sistema teórico de tempos compostos totalmente coherente. Non obstante, na práctica non todo é tan simple, e mesmo aparecen construcións das que non logramos entender totalmente a súa funcionalidade. Fixémonos nos seguintes exemplos do galego medieval:

- (1) foy ella moy alegre et fezose moy loucaa por quelles nasçera fillo varõo, asy cõmo Deus lles *avia prometydo*  
(*General Estoria*, p. 218)
- (2) asy cõmo foy acabado o sacrificio et cõplida hũa parte do synal daquelo que Deus *prometera* a Abraã firmou Deus pleyto cõ el  
(*General Estoria*, p. 199)
- (3) Et o espiritu entrou no demo et disolles que *era nado* o Salvador  
(*Miragres de Santiago*, p. 214)
- (4) Et quito ali de todo los pecados que fezera des lo dia en que *naçera*, et envioo para sua terra.  
(*Miragres de Santiago*, p. 214)
- (5) En forte pont' eu *fui nado*,  
senhor, por vos e por mi!  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 120,47)
- (6) Ay eu! que mal dia *naçi*,  
con tanto mal quanto me ven,  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 125,4)

Notemos como no exemplo 1 a forma *avia prometydo* está expresando un contido temporal de antepretérito, similar ó que expresa a forma *prometera* no exemplo 2. Outro tanto podemos entender que sucede no exemplo 3<sup>1</sup>, no que *era nado* pode estar presentando un contido temporal similar ó que presenta *naçera* no exemplo 4. En todos estes casos o tempo composto expresa un contido temporal de anterioridade ó que expresarían as formas *avia* ou *era*, isto é, unha anterioridade ó copretérito.

1 Aquí tamén cabería a posibilidade de considerar que estamos ante unha construción copulativa (*está nado*).

Fixémonos en que, pola contra, non sucede o mesmo nos exemplos 5 e 6. No último deles a forma *naçi* está expresando un contido temporal de pretérito. Seguindo a lóxica dos tempos compostos, esperaríamos que no exemplo 5 a forma *fui nado* expresase un contido temporal anterior a *fui* (e polo tanto tamén anterior a *naçi*), é dicir, un contido de antepretérito. Porén, non sucede isto, senón que *fui nado* está expresando o mesmo contido temporal que *naçi*, ou sexa, o mesmo contido temporal que o auxiliar *fui*.

Polo tanto, algo diferente sucede no exemplo 5 e nos casos similares. Acontece isto sobre todo en tempos compostos auxiliados por *ser*, especialmente con verbos do tipo *nacer*, *fnar* e *morrer*. Ante estas construcións non podemos menos que preguntármolos: ¿Por que se dan este tipo de construcións?, ¿que funcionalidade teñen?, ¿deben ser considerados tempos compostos?, etc. Non é doado responder estas cuestións e tampouco aspiramos a resolvelas no presente traballo, pero si a dar algúns datos que nos acheguen luz sobre o tema.

Con esta finalidade imos analizar o comportamento do verbo *nacer* ó longo de diferentes textos do galego medieval<sup>2</sup>. Observaremos o que sucede tanto coas formas simples deste verbo como coas formas compostas, intentando ver a qué se debe que apareza unha forma simple (como no exemplo 6) ou unha forma composta co mesmo contido temporal (exemplo 5). Obviamente o desexable sería estudar todos os tempos compostos en que aparece o auxiliar *ser*, co cal teríamos moitos datos para chegar a unha conclusión, e sobre todo examinar as construcións co verbo *morrer*. Isto non puido ser acometido neste artigo, pois a obrigatoriedade de cingirse a un número moi limitado de páxinas así nolo impuxo. Por esta razón centrámonos só no verbo *nacer*, do que, debido ás poucas ocorrencias que presenta, si que nos é posible presentar con brevidade os resultados da súa análise.

## 2. Análise das formas do verbo *nacer*

Despois da localización das formas compostas e simples do verbo *nacer* no corpus analizado, imos facer unha exposición pormenorizada dos exemplos atopados, facendo fincapé na diferenza ou posible equivalencia de significados entre unha

---

2 Para facer esta análise utilizamos os textos que se citan na bibliografía. Ademais do seu exame directo, tamén nos servimos dos datos do TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>] [28/07/2008], para facer buscas rápidas, especialmente no estudo das formas simples do verbo *nacer*.

forma composta e unha forma simple. A intención é saber se o uso das posibles formas compostas deste verbo presenta un contido temporal propio en cada tempo ou, pola contra, a forma composta non engade ningún matiz significativo respecto á simple.

No resumo expositivo que presentamos a continuación comezamos facendo referencia á frecuencia de formas simples e compostas do verbo *nacer* no corpus analizado. A continuación escollemos como fío condutor o tempo do auxiliar da posible forma composta<sup>3</sup>. Dentro de cada tempo composto, referirémonos tamén ás formas simples que aparecen no mesmo tempo que o auxiliar das perífrases que estamos a tratar.

## 2.1. Frecuencia das formas do verbo *nacer*

A frecuencia de uso do verbo *nacer* é bastante baixa no corpus analizado<sup>4</sup>, tan só atopamos 511 posibles casos de formas verbais persoais ou en infinitivo deste verbo<sup>5</sup>. Deles, en 277 ocasións estamos ante formas persoais simples<sup>6</sup>, 100 son formas en infinitivo e as outras 134 son construcións perifrásticas do tipo *ser*+participio de *nacer*<sup>7</sup>.

## 2.2. Auxiliar en presente de indicativo

Atopamos 9 construcións do tipo *son nado*, das que 1 aparece nunha oración principal, outra nunha subordinada adverbial causal e as outras 7 en oracións subordinadas adxectivas. O principal problema interpretativo destes exemplos é se deben ser considerados perífrases ou construcións copulativas, equivalentes, neste último caso, ás actuais construcións con *estar*<sup>8</sup>:

- 
- 3 Habberá algúns tempos do auxiliar que non trataremos por non atoparse exemplos dese tipo. É o caso dos futuros e do pospretérito.
  - 4 No total do corpus hai un número estimado duns 214.000 núcleos oracionais.
  - 5 Non temos en conta nestes cálculos o xerundio (1 caso), por non ser de interese para a nosa comparación cos tempos compostos, nin as formas en participio, porque moitas delas xa formas parte das perífrases de *ser nacido/nado*, que analizamos como contraposición ás formas simples.
  - 6 Non temos aquí en conta os infinitivos, xerundios e participios.
  - 7 Aínda que contabilicemos, por cuestión de comodidade, estas construcións perifrásticas como formas do verbo *nacer*, será preciso unha análise máis a fondo de cada unha delas para ver se son tempos compostos ou non.
  - 8 Isto é posible porque na lingua medieval os usos de *ser* e *estar* non eran os mesmos que no galego moderno, polo que resulta naquela altura común usar a cópula *ser* en moitos casos en que hoxe usaríamos *estar* (véxase Saussol (1978) e Moscoso (2000: 100-101).

- (7) et ao por naçer cōmo ao que *e naçido*, et aos mortos cōmo aos viuos.  
(*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, p. 391)
- (8) ca outr' omem nom *é nado*  
que esto creer podesse  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 25,71)
- (9) estas *son nadas*  
e criadas  
e aventuradas  
e queren reynar;  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 94,15)

Como se observa nas ocorrencias anteriores, é practicamente imposible saber se estamos ante unha construción atributiva (*está nacido/-as*) ou un tempo composto (*a nacido/an nacido*), pois en canto ó significado o primeiro (*estar nado*) vén sendo consecuencia do segundo (*aver nacido*), polo que o contido de fondo non varía. Tentar diferenciar entre un tipo de construción ou outro non deixa de ser unha tentativa de aplicar certos moldes prefixados modernos á lingua medieval que, sen dúbida, tiña un comportamento diferente ó actual, mesmo en aspectos pouco coñecidos por nós.

En todo caso, si que é importante sinalar que as construcións ás que nos estamos a referir nesta sección non son equivalentes, no seu contido, ós 32 presentes de indicativo do verbo *nacer*, que atopamos no mesmo corpus:

- (10) por que, donde deuia a naçer uerdade et lealdade, *naçe* o que nõ era de naçer de rey.  
(*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, p. 128)

### 2.3. Auxiliar en copretérito

Algo semellante sucede nos tres únicos casos en que aparece esta perífrase co auxiliar en copretérito:

- (11) touerõ por bẽ de saber por suas ymagẽs que omẽ deuia de seer aquel que *era nado*, et demãdãrõlle rreposta. Et o espiritu entrou no demo et disolles que *era nado* o Saluador  
(*Miragres de Santiago*, p. 214)
- (12) Esta .CCC e LXV. é como Santa Maria tirou de dulta un frade noviço que dizia que a *era nada*, no mõe[ste]ro de Fontefria en Narbona  
(*Cantigas de Santa María*, cantiga 365)

Estamos de novo ante construcións nas que podemos entender que se trata dun antepretérito composto (*avía nacido/-a*), ou dunha construción atributiva (*estava nacido*). Tampouco nesta ocasión son construcións equivalentes ós catro casos en que *nacer* aparece en copretérito simple:

- (13) em diante nõ lle las poñña et os fillos que *naçiam* tẽpoãos eram de mays colores que de hũa  
 (*General Estoria*, p. 292)

O que se debe sinalar é que, de seren interpretadas as dúas construcións do exemplo 11 e a construción 12 como antepretéritos compostos, serían equivalentes, en canto ó contido temporal, ós 36 exemplos de antepretérito simple do verbo *nacer* que atopamos no noso corpus:

- (14) Esta Ermiona *naçera* ante dous ãnos que Elena fose rroubada,  
 (*Crónica Troiana*, p. 711)

## 2.4. Auxiliar en pretérito de indicativo

Moito máis abundantes son as perífrases do tipo *fui nado*, co auxiliar en pretérito de indicativo, xa que atopamos un total de 98 construcións deste tipo. Dentro deste grupo, algúns dos 15 exemplos de oracións subordinadas adverbiais temporais presentan a particularidade de poder estar ofrecendo un contido temporal de anterioridade ó pretérito, tal como sucede nos tempos compostos típicos:

- (15) e ar fez outro fillo; e logo que *foi nado*,  
 mató-o; ar fez outro que pos per esta via.  
 (*Cantigas de Santa María*, cantiga 201).

Nótase, porén, que esta non é a única interpretación posible destas construcións. Igual que nos exemplos das seccións 2.2 e 2.3, tamén podemos interpretar que a anterior é unha construción atributiva (*estivo nado*), e o mesmo sucede con moitas ocorrencias similares. E tamén se pode entender que a posible perífrase do anterior exemplo 15 está expresando un contido temporal de pretérito, similar ó que expresaría o pretérito simple de *nacer*.

Este último contido temporal de pretérito é o que se observa na maioría dos 98 exemplos atopados do tipo *fui nado*:

- (16) Ca sei que o meu ei ementado,  
 ca saben que *fui mal-dia nado*,  
 porque vus vi e vus oí falar.  
 (*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 151,24)
- (17) Et disserõlle assy: Senora dona Sãcha, en boo ponto *fostes naçida* p[a]r[a] castelãos  
 (*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, p 137)

Comparando estes exemplos coas abundantes ocorrencias (187 casos) das formas de pretérito de indicativo do verbo *nacer*, observamos que non hai ningunha diferenza temporal entre elas:

- (18) Em forte ponto et ora eu *naçi*  
(*General Estoria*, p. 282)
- (19) Mais sabede que, desque ome *naçeo*, nũa ueu tã grand auer ajuntado nẽ asuado en hũ lugar.  
(*Crónica Troiana*, p. 647)

Fixémonos na semellanza de contido e de construción sintáctica entre a forma *naçeo* deste último exemplo e o da perífrase do exemplo 15, aínda sen desbotar a posibilidade de no exemplo 15 estarmos ante un antepretérito. En todo caso, o que si parece claro é a semellanza e mesmo a equivalencia de contido temporal entre as construcións do tipo *fui nado* e as do tipo *nací*. Non dubidamos que a perífrase deba ter unha intención comunicativa distinta á do pretérito simple, pero a diferenza entre ambas non parece ser de contido temporal, senón dalgún outro tipo.

## 2.5. Auxiliar en antepretérito de indicativo

Nos seis casos en que aparece a perífrase estudada co auxiliar en antepretérito parece que o contido que presenta é de antepretérito:

- (20) Et entõ toda a cõpana cõmo ya, et cõ o moço, vierõ cõplir sua rromaria et ofereçẽno ao altar d'aquel Señor por cujo rrogo el *fora nado* et tornado de morte a vida.  
(*Miragres de Santiago*, p. 175)
- (21) Aquel *fora* en bõo ponto *nado*  
que depois ouvesse del bõa bençone.  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 49,1)

Non parece, xa que logo, que haxa diferenza temporal entre as dúas construcións anteriores e os 36 casos en que *nacer* aparece en antepretérito (sirva como exemplo o presentado máis arriba co número 14). O mesmo contido temporal presentarían as construcións similares ás dos exemplos 11 e 12, se entendemos que non son atributivas.

## 2.6. Auxiliar en presente de subxuntivo

Neste caso sucede algo semellante ó que vimos na sección 2.2, cando abordamos o presente de indicativo. Trátase de só dúas construcións nas que facilmente se pode percibir un valor temporal de anterioridade a unha acción presente:

- (22) Ca non ous' eu dizer nada  
a ome que *seja nado*  
de com' og' é mia fazenda!  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 47,15)

- (23) Quen le[i]xa-la Groriosa  
 por moller que *seja nada*,  
 macar seja mui fremosa  
 e rica e avondada,  
 nen manssa nen amorosa,  
 fara loucura provada  
 (*Cantigas de Santa María*, cantiga 132)

Pero tamén sería posible analizalas como construcións atributivas (*esteado/-a*).

Interpretemos dun xeito ou doutro estas construcións, e aínda que no corpus analizado non atopamos casos de presente do subxuntivo do verbo *nacer*, parece claro que estas perífrases non son equivalentes ás construcións que poidamos imaxinar co verbo *nacer* neste tempo.

## 2.7. Auxiliar en pretérito de subxuntivo

Nos 13 casos en que aparece esta perífrase co auxiliar en pretérito de subxuntivo é posible entender que estamos ante un valor temporal de anterioridade ó pretérito. Vexámolo nos seguintes exemplos:

- (24) Ca senpre o mūdo viuera em plazer et en alegría et en paz se eu *nasçida* ño *fora*  
 (*Historia Troyana*, p. 289)
- (25) Muito valvera máis, se Deus m' anpar,  
 que non *fossemos nad[os]*,  
 se nos non dēsse Deus a que rogar  
 vai por nossos pecados.  
 (*Cantigas de Santa María*, cantiga 30)

Aínda que parece claro ese valor de anterioridade a outra acción pasada (representada esta por *viuera* e *valvera* nos exemplos anteriores) tamén é posible pensar que estamos ante construcións atributivas (*estivese nacida / estivesemos nados*).

Aínda que aproximado no seu contido temporal, non é o mesmo o que nos ofrecen as 11 construcións con *nacer* en pretérito de subxuntivo, pois nestas non aparece ese contido de anterioridade ó pasado:

- (26) et traier per canos de plomo agoa da serra aa villa, de guissa que *nacesse* preto da mis-  
 quita mayor et eno alcaçer et en outros logares pela çidade du via que conpria.  
 (*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, p. 17)

## 2.8. Auxiliar en infinitivo

Tamén atopamos tres casos de construción de perífrase co auxiliar en infinitivo. Unha vez máis podemos percibir nestes casos un contido temporal de anterioridade a outra expresada por un infinitivo:

- (27) ¡Ay, deus! que mellor fora a meu padre nũa eu *seer nada*  
(*Historia Troyana*, p. 289)
- (28) Se eu soo tal cōmo tu dizes nõ deuera *ser naçido*  
(*La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, p. 392)
- (29) Desto direy un miragre  
grande que me foi mostrado  
que fezo Santa Maria,  
de que Deus quis *seer nado*,  
(*Cantigas de Santa María*, cantiga 373)

Pero unha vez máis, tamén é posible entender estes exemplos como atributivos (*estar nada/-o / estar naçido*).

Aínda que nos anteriores exemplos se podería usar un infinitivo simple, non podemos entender que haxa equivalencia temporal entre infinitivo simple e composto:

- (30) E mia senhor, se eu ja mais en qual  
coita vivo, viver ‘, e me non val  
morte, mais me valvera non *nacer!*  
(*Lírica Profana Galego-Portuguesa*, cantiga 47,21)

Se comparamos, por exemplo, a ocorrencia 27 coa 30, podemos observar que poderíamos usar en calquera delas tanto a forma simple como a composta. Pero isto non quere dicir que sexan equivalentes, xa que a forma composta engade un contido temporal de anterioridade a un punto presente na mente do falante e do oínte, mentres que a forma simple está temporalmente baleira.

## 3. Resumo e conclusións

Aínda que non todos os casos da perífrase *ser nado* presentan o mesmo comportamento, si que resulta posible ofrecer certas conclusións xerais. Basicamente podemos establecer dous grupos de construcións, dependendo do tempo en que se atopa o auxiliar:

A.- O primeiro grupo estaría formado polas perífrases que presentan o auxiliar en presente (tanto de indicativo coma de subxuntivo), copretérito, pretérito de

subxuntivo e infinitivo. Estas construcións caracterízanse porque nelas se pode percibir un contido temporal de anterioridade ó tempo en que aparece o auxiliar. Este é o comportamento típico dos tempos compostos no galego medieval, como se pode observar na maioría dos auxiliados por *aver*. Non obstante, estas construcións tamén poden ser interpretadas como atributivas. Non debe estrañarnos esta dobre posibilidade interpretativa, pois no latín, na xénese dos tempos compostos, a perífrase *natus sum* non era máis que unha construción atributiva que pasou a expresar un valor temporal de pretérito, pero con certo contido engadido de estado no presente. A perífrase usada cando se quería expresar unha acción pasada sen vinculación co presente era *natus fui*.

B.- Outro grupo está formado polas perífrases que presentan o auxiliar *ser* en antepretérito ou en pretérito de indicativo. Este é o grupo máis numeroso, pois do total de 134 construcións perifrásticas de *ser* + participio, 98 presentan o auxiliar en pretérito. Agás uns poucos exemplos (exemplo 15 e similares) do tipo *fui nado* en oracións subordinadas adverbiais temporais, nas que se podería percibir un contido temporal de antepretérito, o característico das perífrases deste tipo é que presentan un contido temporal igual ó que presentaría unha forma simple no mesmo tempo que o auxiliar. Deste xeito hai unha equivalencia temporal entre *nací* e *fui nado* ou entre *nacera* e *foira nado*.

Como dixemos máis arriba, isto non pode resultar raro se temos en conta que en latín era a perífrase *natus fui* a usada para marcar de xeito expreso unha acción pasada sen relación co presente. Pero aínda así, non deixa de resultar antieconómico que existan dúas expresións (*nací* e *fui nado*<sup>9</sup>) para expresar un mesmo contido, sen que haxa algunha diferenza de matiz entre elas.

Partindo desta idea, cremos que é posible entender que a perífrase *fui nado* ten a funcionalidade de expresar a voz media, entendida esta como a expresión dunha acción que se realiza dentro dun único actante, aínda que poidan existir elementos externos que causan esta acción, pero que, de seren presentados na construción sintáctica, aparecen como elementos periféricos<sup>10</sup>. Isto pode ser o característico desta construción. Non deixa de ser unha pequena diferenza de matiz que, desde o punto de vista do galego actual, é difícil de percibir, pero que na lingua medieval parece que tiña funcionalidade e que lle permitía escoller ó falante entre forma simple ou composta,

9 Para o castelán poden consultarse os estudos de Aleza (1987 e 1991), García (2001) e Meilán (1992).

10 Isto é o que parece estar sucedendo no exemplo 20, onde o elemento *por cujo rogo* non aparece como actante que realice as accións de *nacer* e *tornar*, senón como elemento periférico que indica a causa destas accións, que se presentan como realizadas dentro do suxeito que as sofre.

optando por esta última cando se quería marcar claramente que a acción de *nacer* se realizaba unicamente no actante que a experimentaba, sen ter en conta para nada a participación doutros elementos externos. Pola contra, a forma simple sería o elemento non marcado desta oposición e, cando se usaba, non se entraba a matizar ata que punto poderían participar outros elementos nela.

## Bibliografía

### A.- Corpus analizado

- BREA, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana Galego-Portuguesa*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia. 2 volumes.
- JUSTO MARTÍN, María Xosé e Manuel Lucas Álvarez (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LORENZO, Ramón (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos. Vol. 1.
- LORENZO, Ramón (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (ed.) (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica, pp. 41-245.
- MARTÍNEZ-LÓPEZ, Ramón (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo: Universidad. [Incorpora as correccións de R. Lorenzo e X. L. Couceiro (*Homenaxe a Camilo Flores e Homenaxe a Xesús Alonso Montero*)]
- METTMANN, Walter (ed.) (1981): *Cantigas de Santa María*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. 2 volumes.
- PARKER, Kelvin M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos. [Incorpora as correccións de Ramón Lorenzo (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba*, 9, pp. 253-290.]
- PENSADO, José L. (ed.) (1958): *Mirages de Santiago*. Madrid: C.S.I.C. Anexo 68 da *Revista de Filología Española*.
- PENSADO, José Luis (ed.) (1962): *Fragmento de un “Livro de Tristán” galaico-português*. Santiago: C.S.I.C. Anexo 14 de *Cuaderno de Estudios Gallegos*.

- PENSADO TOMÉ, José Luis (ed.) (2004): *Rufus, Jordanus: Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro “Ramón Piñeiro” para a Investigación en Humanidades.
- SOUTO CABO, José António (ed.) (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Íria*. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos.
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>] [28/07/2008].

## B.- Estudos citados

- ALEZA IZQUIERDO, Milagros (1987): ‘*Ser*’ con participio de perfecto en construcións activas no oblicuas (en español medieval). Valencia: Universidad. Anexo 3 de *Cuadernos de Filología*.
- ALEZA IZQUIERDO, Milagros (1991): “Observaciones sobre el empleo se alçan ~ son alçados en español medieval”, in Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIII<sup>e</sup> Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Université de Trèves (Trier) 1986*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 3, pp. 104-110.
- GARCÍA MARTÍN, José María (2001): *La Formación de los tiempos compuestos del verbo en español medieval y clásico : aspectos fonológicos, morfológicos y sintácticos*. Valencia : Universitat.
- MEILÁN GARCÍA, Antonio (1992): “El verbo ser como auxiliar en la prosa (pre)renacentista”, in M. Ariza, R. Cano, J. M<sup>a</sup> Mendoza e A. Narbona (eds.): *Actas del II Congreso Internacional de la Historia de la Lengua Española*. Madrid: Pabellón de España. Vol. 1, pp. 653-663.
- MOSCOSO MATO, Eduardo (2000): *Os tempos compostos no galego medieval*. Anexo 46 de *Verba*. Santiago: Universidade.
- SAUSSOL, José María (1978): “*Ser*” y “*estar*”. *Orígenes de sus funciones en el “Cantar de Mio Cid”*. Sevilla: Universidad.